

Dominical

El Correo Gallego • 24/9/89



GOETHE E GUALTER POVOAS

O noso vello e moi querido amigo, o poeta portugués Gualter Póvoas, que vive en Vilarinho, é dicir, na Galiza do Sul, cultivando os seus xardíns e a poesía. Impressionou as "Baladas" de Goethe, no pasado ano de 1988, nun formato-sinco volume, maravillosamente ilustrado, ao que só se lle pode poñer a chala de non estar rotulado no lombo. A impecable impresión en dúo do prelo en Lisboa, edición do autor.

Gualter Póvoas, home de moitos e fondos saberes, cultiva unha poesía que podemos chamar clásica, tanto pola forma tradicional como polo equilibrio do verso: unha paixón desbordada e, ao mesmo tempo, racionalizada. Versos nos que pesa a tradición clásica latina e o lirismo do prerrománico europeo — maiormente Dante e Petrarca — e nos que tamén florecen as melhores raíces da poesía galego-portuguesa: un telurismo emocionado e pentelista. Como ten que ser.

Na cultura galega Goethe non está moi presente. Un grande devoto seu, entre nós, foi don Ramón Otero Pedraza que lle adinou varias escrituras. Por eso nos alega dun xeito especial que esta tradución ao portugués do grande lirico xermánico saia a no ano adicado pelas institucións da Galiza ao polígrafo ourenseño. É máis tendo en conta que esta tradución fíxose "entre boucas e agros minhotas par un minhoto latinísimo, ciente porém dos seus remotos lazos coa a Germánia suévica..."

Goethe sempre nos impuxo. A súa grandiosidade fixo que nos achegáramos a esta obra dun xeito temeroso,



con ese sagro estremecemento que encendos en nós a divindade. Algo semellante nos acontece tamén co Dante, aínda que dun xeito ben diferente polo, pese as dificultades e as carencias que temos, podemos entrar directamente na máxima floresta dos versos do florentino. Nemborgantes os de Goethe, son, pra nós, como xeroglíficos excepción: algo absolutamente incomprendible.

CON todo sería convinte reflexionar no feito de que os grandes sucesos culturais do Occidente aconteceron, en boa medida, en pequenas cidades-estado. Lembremos a Grecia clásica, a Italia renascentista, a Alemaña da época de Goethe... A cultura é problema de calidade, non de cantidade. O Humanismo preciosa da medida do home e non da do superhome. Nós

non podemos conceber a Goethe máis que nun pequeno estado pese a súa grandexa. Ou, cecais, precisamente, pola súa grandexa.

Gualter Póvoas puxo nun debaixo portugués enxebre e cuidadísimo a Goethe na nosa mesma medida humana. A tradución — ou mellor, a versión — está feita en verso perfecto, con grande variedade de metros, de rimas, de rimas e de estrofas. Aínda que desenháramos o orixinal, temos a impresión de que estas fermosísimas baladas do xenial xermánico foron escritas directamente en portugués. Non se lles coñece o trasplante. Este tivo que ser, necesariamente, un traballo de muita psiciencia, de muita saber e, sobre de todo, dunha enorme e asombrosa sensibilidade.

AS "Baladas de Goethe"

poetas na nosa lingua por Gualter Póvoas, galego co sul, lembráramos ao noso Ramón Cabanillas. Son, cada unha delas, pequenas alfornas cheas de misterio, de fantasía, de beleza, dun fondo e requintado lirismo. Os temas veñen de moi lonxe e están fortemente enraizados no popular. Nós, que indubidablemente temos na nos árbores xenealóxicas ancestrais meus, podemos entendelas moi ben. É como, se de súpeto, por un fermoso milagre, recobráramos a memoria perdida. Ou parte dela. Hugo von Hofmannsthal escribía hai noventa anos, no outono do 1892:

¿Lembrar a Goethe? ¿Como? ¿É necesario un día especial? ¿Precisase unha festa? ¿Pra lembralo a él que se vai o noso espírito e o noso corazón?

As mulleres e os homes deante de Goethe?

¿Como aprenderon a amar?

¿gracias a él?

¿Qué pobre sería o noso mundo se él non o fíxera conagrado?

Tamén nós, gracias a Goethe, dependemos a amar a un mundo que levábase dentro de nós sen que nos decatáramos del. Un mundo de soños, de ensaños, de paratistas, de beleza que nos mestra a verdadeira realidade do home. A nós auténtica e, en definitiva, a única que de verdade importa. Non cabe dúbida de que Goethe, máximo oficial de Beleza, conagrara o mundo. É dicir: purificouno. De alle graca, claridade e inocencia.

Maximamos a Gualter Póvoas no seu Vilarinho natal. Tamén se chama Vilarinho o nome do lugar no que naceu o noso José María Díaz Castro. En Vilarinho, Gualter Póvoas, mentras gasta os seus días en útiles traballos, como este que comentamos, cecais nite unha bafarada de néboas outonais que pesa lixeira e lembra aquel verso poético que él un maxistralmente puxo en galego-portugués.

...O sol já se ceñtra. Ecc dum sino fien.

Non cabe dúbida: os ecos dos sinos fízen sempre. E pra sempre.

Tamén nos, gracias a Goethe, dependemos a amar a un mundo que levábase dentro de nós sen que nos decatáramos del. Un mundo de soños, de ensaños, de fantasías, de beleza que nos mostra a verdadeira realidade do home. A nós auténtica e, en definitiva, a única que de verdade importa.

